***Domingo 25,*** **19:00 horas.**
**"II Festival de Cantos de Taberna"**
Lectura do manifesto contra a violencia de xénero e actuación musical coa presenza de distintos grupos con gran tradición.
Entrada de 5€ en beneficio da Asociación **ESMAR**, entidade de apoio ás vítimas de violencia de xénero.

## DECEMBRO

***Domingo 2,*** **19:00 horas.**
Concerto benéfico a favor de UNICEF, con variedade de actuacións e espectáculos de diversa índole.
Organiza a **Asociación Cultural O Castro de Baión.**

O CASTRO
ASOCIACIÓN CULTURAL - BAIÓN
36614 VILANOVA DE AROUSA



***Domingo 9,*** **19:00 horas.**
Concerto da cantante galega **Uxía Domínguez Senlle**, con importante recoñecemento pola súa gran traxectoria profesional na difusión e posta en valor da música galega.
Entrada libre ata completar aforo.



***Domingo 16,*** **19:00 horas.**
Concerto da **Banda Municipal de Ribadumia** coa temática **"Pinceladas musicais".**
Entrada libre.



***Domingo 23,*** **18:00 horas.**
Concerto solidario con recollida de alimentos a favor de Cáritas.
Organiza a **Agrupación Músico Cultural de Ribadumia.**
Entrada libre.



***Domingo 30,*** **19:00 horas.**
**"Gala de Nadal"**
Exhibición de bailes de ballet, capoeira e *pole dance* da man da **Escola de Danza A Saleta** e **Centro Artístico Chassé.**
Entrada libre.

***Esta programación poderá ser incrementada con novos espectáculos.***
***Para máis información pódese consultar a páxina do concello ou nas redes sociais.***

www.ribadumia.org #viveRibadumia #bonitaRibadumia
concelloderibadumia @ConRibadumia

# OUTUBRO NOVEMBRO DECEMBRO 2018



# AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBADUMIA

CONCELLO DE RIBADUMIA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

IMPRESO POSTAL SEN DIRECCIÓN

O Concello de Ribadumia preséntalles a programación cultural do Auditorio Municipal de Santa Baia para os meses de outubro, novembro e decembro. Son espectáculos variados, co obxectivo de que todos os veciños desfruten da cultura en directo.

# OUTUBRO



***Sábado 6,*** **21:00 horas**.
Concerto musical previo ao XII Certame Galego de Bandas de Música, coa colaboración da **Banda de Música de Lalín**. Organiza a **Agrupación Músico Cultural de Ribadumia**.
Entrada libre.

***Domingo 7,*** **19:00 horas.**
**O grupo de teatro Elefante Elegante** representa a obra **"Asubíos"** inspirada no conto "Cada home é unha raza" do escritor mozambicano Mia Couto. Trátase dun alegato para unha vida respetuosa do ser humano coa terra que o acolle.
Entrada libre. Recomendada para maiores de 8 anos.





***Sábado 13,*** **20:00 horas.**
Celebración da **III Festa do Deporte Concello de Ribadumia**. Presentará a mesma o humorista **Pepo Suevos.**
Entrada libre.

***Domingo 14,*** **19:00 horas.**
**"Cine no Auditorio"**
Na busca de achegar o cine aos veciños, traerase a Ribadumia algunha das películas máis recentes. O título decidirase segundo as últimas estreas de carteleira.
Entrada libre. Público familiar.






***Domingo 21,*** **19:00 horas.**
**"Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos"**.
Espectáculo teatral contemporáneo que fai un percorrido pola vida e obra de María Victoria Moreno. Interpretado por **Matrioshka Teatro**.
Entrada libre. Recomendado para maiores de 14 anos.

***Sábado 27,*** **21:00 horas**.
Concerto musical da **Agrupación Músico Cultural de Ribadumia**, coa colaboración da banda **Ateneo Musical da Pobra**.
Entrada libre.





***Domingo 28,*** **19:00 horas**.
**" Festival de acordeóns"**.
Concerto anual que ofrecen os **Amigos do acordeón Rías Baixas**.
Entrada libre.

# NOVEMBRO




***Domingo 4,*** **19:00 horas**.
Obra teatral **"Triste chegada"**, representada polo **grupo de teatro Xenio**
Espectáculo ambientado no século pasado, que trata o tema da emigración na Galicia rural da posguerra.
Entrada libre. Público familiar.

***Sábado 10,*** **17:00 horas**.
Celebración do tradicional **Magosto** na **Carballeira de Ribadumia**.
Entrada libre.





***Domingo 11,*** **19:00 horas.**
O **grupo de teatro Castro Barreiro**, pon en escea a obra **"Orixe"**, unha adaptación da obra *"Jánsel e Pónsel"* de José Luis Prieto Roca.
É unha comedia que trata da evolución da vida dende o *Big Bang* ata os tempos actuais.
Entrada libre. Público familiar.

***Sábado 17,*** **19:30 horas**.
A **Asociación Gastronómica e Cultural da Festa do Polo** organiza un acto de celebración do seu XXV aniversario, con homenaxes e coa actuación, entre outras, da Agrupación Músico Cultural de Ribadumia e unha exhibición de baile do Club de Baile BTroula.
Entrada libre.



***Domingo 18,*** **19:00 horas**.
Obra teatral **"Por fin sós",** interpretada polo **grupo Alecrín**.
Comedia sobre unha parella que está preparando o seu piso para estar "por fin sós".
Entrada libre. Público familiar.

***Sábado 24,*** **20:00 horas.**
"**Concerto XX Aniversario**"
Concerto de Sta. Icía da **Agrupación Músico Cultural de Ribadumia**.
Entrada libre.